

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de outubro de 2016**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font

**Invitados:**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día sete de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcaldía, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, (resolución do 6/10/16), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(953).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

**2(954).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO-ANO 2016. EXPTE. 129961/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de xurídico do 14/09/16 e o informe de fiscalización do 30/09/16, dáse conta do informe-proposta do 13/09/16, asinado polo xefe do Servizo de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*I. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.*

*II. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención aos colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en media aberto.*

*III. O PLDA ten como instrumentos para o seu desenvolvemento, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenios con outras administracións, e a coordinación e colaboración coas entidades locais (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.*

*IV. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ao consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.*

V. No marco de actuación anterior, propónse o establecemento dunha subvención, determinada pola imposibilidade de proporcionar o servizo con medios propios do departamento e a inexistencia de empresas que desenvolvan estas tarefas no noso medio. Por outra banda, as propias características técnicas do programa, determinan a conveniencia de establecer un convenio de cooperación cunha entidade sen ánimo de lucro do ámbito local.

VI. O Concello ven traballando coa entidade Médicos do Mundo para a prestación dun servizo que cubre as carencias da estrutura municipal actual e, no orzamento de CEDRO, existe consignación de crédito na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 "Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo" por un importe para o ano 2016 de 50.000 euros.

VII. Polo exposto e por tratarse dunha subvención na que se acreditan razóns de interese público, social e humanitario, propónse á Xunta de Goberno Local a concesión dunha subvención directa segundo artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, articulada mediante o establecemento dun convenio de colaboración coa entidade Médicos do Mundo, para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, cun centro de día para a inclusión social e unha unidade de rúa, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro.

VIII. A lexislación aplicable a este tipo de axudas é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

IX. O convenio contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

X. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

XI. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que "non se entenderá como exercicio de novas

competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a entidade «Médicos do Mundo» (CIF G-79408852), para o desenvolvemento dun programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en Vigo – ano 2016.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 - “Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”– do orzamento vixente».*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANO 2016

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2016

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra,

D<sup>a</sup> Inés Fernández de Córdoba Alonso, con DNI nº 09025232D, presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G-79408852 e enderezo para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Illas Baleares nº 15, baixo.

### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime

local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D<sup>a</sup> Inés Fernández de Córdoba Alonso, actuando en representación de MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos e do acordo da súa Asemblea xeral do 22.05.2015, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local ((Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

## EXPOÑEN

I.- A entidade Médicos do Mundo é unha Organización Non Gubernamental (ONG) que traballa desde 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, desde 1995 cun programa de achegamento (*outreach*) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución. Médicos do Mundo iniciou en 2001 un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no contorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) "CEDRO". Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o CEREDA.

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a diminuír a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de "baixo umbral", seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático das drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no coidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo está concebido como un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense desde un dispositivo fixo, denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo.

O interese para a cidade de Vigo de contar cun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos, é que non só posibilita unha mellora

sociosanitaria da poboación obxecto de intervención, senón tamén do contorno socio-comunitario onde se ubica.

Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír ás da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra liña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2015 foi de 650 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro, LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III. Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e unidades de rúa.

A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional. Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración Xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

IV. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

V.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo; un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa.

VII. Este convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esa actividade de Médicos do Mundo, as partes convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ás seguintes,

#### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa e, concretamente, a:

- Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a correcta execución do Programa.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó financiamento do custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos necesarios, detallados no orzamento do proxecto presentado.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
- Cumplimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade Médicos do Mundo, unha subvención para o exercicio de 2016 por importe de 50.000€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do CEREDA en Vigo.

TERCEIRA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo, alcanzará a cantidade de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, do vixente exercicio.

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

O 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pagamento anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de 2016, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos

e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.

QUINTA.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SEXTA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dous representantes de Médicos do Mundo e dous técnicos do Concello, presidida pola Concelleira delegada de Política Social ou persoa en que delegue.

OITAVA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

NOVENA.- A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

DÉCIMA.- Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 30 de novembro de 2016 a xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
  - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.

–Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

–Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

–Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2016.

DÉCIMO TERCEIRA.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007 e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora (ou normas que as substitúan).

DÉCIMO SÉTIMA.- Médicos do Mundo queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

**3(955).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUEIRO DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN DE NADAL. EXPTE. 3319/106.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada o 6/10/16 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*9.- Propostas de clasificación*

*b) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única oferta presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde descendente:*

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Plantas de Levante, S L</i>	<i>55 puntos</i>

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PLANTAS DE LEVANTE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 886,14 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**4(956).- CLASIFICACIÓN OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA MINA-CASTRELOS. 15121/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada o 6/10/16 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*9.- Propostas de clasificación*

*a) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan:*

- LIMONTA SPORT IBERICA, SL*
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL*
- PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL*
- CONSTRUCTORA EDISERPO, SL*
- HORDESCON, SL*
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:*

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>MONDO IBERICA, S A</i>	<i>80,00</i>
<i>MECANO SPORT, S L</i>	<i>78,42</i>
<i>CONSTRUCCIONES FECHI, SLU</i>	<i>77,23</i>
<i>GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L</i>	<i>64,54</i>
<i>NATURF DEVELOP, S L</i>	<i>64,10</i>
<i>SPORT EQUIPALIA, S L</i>	<i>46,21</i>

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(957).- CONVOCATORIA E BASES DE “AXUDAS PARA OBRAS DE REURBANIZACIÓN DE PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO”- ANO 2016. EXPTE. 7410/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 8/09/16 e o informe de fiscalización do 4/10/16 , dáse conta do informe-proposta do 6/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*A área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, coa finalidade de mellorar os espazos de convivencia veciñal e, continuar no seu compromiso non só de garantir a participación da cidadanía senón tamén a promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., xa que este fomento entre a poboación, permite detectar, propor e colaborar na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionando problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.*

*En relación coa competencia compre dicir que tanto a lexislación do Estado como a da Comunidade Autónoma galega recoñecen aos concellos competencias para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá.*

*A Comunidade Autónoma de Galicia, que ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 do Estatuto, aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indicando na súa exposición de motivos que o eixe fundamental da lei debe seguir sendo o artigo 2.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril (LBRL), que na súa redacción actual derivada da reforma da Lei 27/2013, continúa facendo referencia a que para a efectividade da*

*autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e, como engade agora a reforma, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade coa a Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, do 21 de decembro.*

*A mencionada Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (Ano 2015: Expediente nº 7031-320 "Axudas á realización de obras nas prazas ou espazos privados de uso público"), e na disposición adicional primeira que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio. Neste sentido cómpre subliñar que o seu obxecto corresponde a materias competencia do Concello segundo os artigo 72 e 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril e o 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo.*

*Tendo en conta a existencia de espazos de propiedade privada e uso público, ten previsto realizar unha convocatoria de subvencións e regular a concesión de axudas para a realización de actuacións privadas que tendan á reurbanización das prazas ou espazos calificados como privados de uso público, e que os particulares teñan o deber de conservación e mantemento dos mesmos, se entende reurbanización, aos efectos destas bases, a segunda ou posteriores urbanizacións ou melloras da urbanización existente.*

*A finalidade da concesión das axudas é a de fomentar a reparación e incluso a reforma dos espazos de propiedade privada de uso público que presenten un avanzado estado de deterioro, debido entre outros factores a degradación natural dos seus materiais e a súa falta de mantemento continuada, co fin de garantir o seu uso público de xeito libre e gratuíto.*

*A esta convocatoria, poderán acollerse á presente convocatoria de subvención as Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades constituídas por edificios divididos horizontalmente, titulares do solo calificado como espazo libre de propiedade privada para uso público, que soliciten axuda a tales efectos, e que deberán destinar o importe íntegro da axuda ao pago das correspondentes actuacións, con independencia de que, tanto o importe da mesma como o custo das obras, deba repercutirse nos propietarios de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de Propiedade Horizontal.*

*O importe total das axudas a conceder non excederá do límite de 65.000 euros e financiarase con cargo á partida orzamentaria 9240 7800000 "Prazas de uso público" do orzamento municipal para o ano 2016. A contía da subvención será do cincuenta por cento (50%) do orzamento protexíbel. En todo caso, o importe da subvención terá o límite máximo de trinta mil euros (30.000,00 €) por proxecto.*

*O procedemento de concesión destas modalidades de subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades constituídas*

*cumpran os requisitos para ser beneficiarias establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.*

*Así mesmo, a Comisión de Valoración e Seguimento solicitará informe á persoal técnico municipal dos proxectos presentados, de cara a posibilitar no seu día o control necesario para a verificación do cumprimento do proxecto na fase de xustificación da subvención, momento no que se requirirá novo Informe do mencionado Técnico para certificar o cumprimento do investimento realizado.*

*Á vista do exposto, e, de conformidade co informe favorable do asesor xurídico de data 8 de setembro de 2016, e dos informes emitido polo servizo de Intervención, un de data 23 de setembro de 2016, no que se condicionaba a súa conformidade á realización de dúas subsanacións (inclusión na fase de xustificación do requirimento de informe do técnico municipal e corrección dunha data errónea no Anexo II), e o informe definitivo, tras ditas subsanacións, de data 4 de outubro de 2016, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria, o extracto da mesma e as bases reguladoras das “AXUDAS PARA OBRAS DE REURBANIZACIÓN DE PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO”, de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades constituídas, que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, por unha contía total de 65.000,00 € (sesenta e cinco mil euros).*

*SEGUNDO.- APROBAR, como modelos oficiais, os 10 modelos normalizados, de solicitudes, información complementaria, memoria económica, cartelería e renuncia, que acompañan, como “Anexos”, denominados do “I” ao “X”, ás bases reguladoras das “AXUDAS PARA OBRAS DE REURBANIZACIÓN DE PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO”.*

*TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras das “AXUDAS PARA OBRAS DE REURBANIZACIÓN DE PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO” en:*

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Así mesmo, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.*
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

*CUARTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de 65.000,00 € (sesenta e cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria 9240 7800000 “Prazas de uso público” do orzamento municipal do ano 2016.*

*QUINTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e*

arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(958).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE II”. EXPTE. 3893/440.** Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada o 5/10/16 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *8.- Propostas de clasificación*

*a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación o 14 de setembro de 2016 do licitador NEXIA INFRAESTRUCTURAS por incorporar no sobre B documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8B das FEC, tal como sinala a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA</i>	<i>82,09</i>
2	<i>CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA</i>	<i>78,95</i>
3	<i>SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL</i>	<i>77,53</i>
4	<i>EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA</i>	<i>76,92</i>
5	<i>CIVIS GLOBAL, SLU</i>	<i>75,82</i>
6	<i>ELSAMEX, S A</i>	<i>70,83</i>
7	<i>VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS</i>	<i>68,94</i>
8	<i>ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA</i>	<i>56,30</i>
9	<i>SESTRAMA-09, SL</i>	<i>48,61</i>

Empresas		Puntuación
10	GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	19,38

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(959).- RECLAMACIÓNS PREVIAS EN VÍA LABORAL DOS TRABALLADORES DE “MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.U.” 4017/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/10/16, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o asesor xurídico da Área de fomento, a concelleira de Educación e o concelleiro da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Os traballadores e traballadoras da mercantil “MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U” que de seguido se relacionan, presentan no Rexistro Xeral deste Concello reclamación previa en materia de cantidades fronte a este Concello por ser responsable directo e solidario xunto coas demais demandadas (“MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U”, “LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U.”, “CONVENIO PROFESIONAL, S.L.P.”, como administradora concursal da anterior e o Fondo de Garantía Salarial) do pago das cantidades que segundo cada un deles se lles adeudan, ao amparo do previsto no artigo 42.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (no sucesivo, ET):*

### **CONTRATO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO**

Reclamante:	Nº Doc:	Data:
Mª BEGOÑA LAGO RODRIGUEZ	160098312	15/07/16

<i>M<sup>a</sup> LUZ VIEITEZ GONZALEZ</i>	<i>160098344</i>	<i>15/07/16</i>
<i>Reclamante:</i>	<i>Nº Doc:</i>	<i>Data:</i>
<i>M<sup>a</sup> TERESA PARCERO ALVAREZ</i>	<i>160098336</i>	<i>15/07/16</i>
<i>JULIA RUA ALONSO</i>	<i>160098340</i>	<i>15/07/16</i>
<i>JOSEFA LAMAZARES GARCIA</i>	<i>160098341</i>	<i>15/07/16</i>
<i>DOLORES RIAL COMESAÑA</i>	<i>160099559</i>	<i>19/07/16</i>
<i>CELIA RODRIGUEZ TOUCEDO</i>	<i>160099515</i>	<i>19/07/16</i>
<i>BEATRIZ BUJAN GONZALEZ</i>	<i>160099524</i>	<i>19/07/16</i>
<i>MERCEDES PENA BARREIRO</i>	<i>160099549</i>	<i>19/07/16</i>
<i>ALMUDENA ARAUJO PRADO</i>	<i>160099537</i>	<i>19/07/16</i>
<i>YOLANDA GALLEGO ABAL</i>	<i>160099551</i>	<i>19/07/16</i>
<i>ROSA M<sup>a</sup> MOSQUERA CAMINO</i>	<i>160099553</i>	<i>19/07/16</i>
<i>ISABEL VAZQUEZ MADARNAS</i>	<i>160099556</i>	<i>19/07/16</i>
<i>M<sup>a</sup> JOSE MARTINEZ PEREZ</i>	<i>160099557</i>	<i>19/07/16</i>
<i>ANTONIA FERNANDEZ SENDIN</i>	<i>160099513</i>	<i>19/07/16</i>
<i>JULIA ROUCO GONZALEZ</i>	<i>160099539</i>	<i>19/07/16</i>
<i>LOURDES SUAREZ VAQUEIRO</i>	<i>160099529</i>	<i>19/07/16</i>
<i>FE FIGUEROA SALGUEIRO</i>	<i>160099531</i>	<i>19/07/16</i>
<i>M<sup>a</sup> CARMEN FERNANDEZ PEREZ</i>	<i>160099547</i>	<i>19/07/16</i>
<i>EVA COSTAS PORTELA</i>	<i>160099532</i>	<i>19/07/16</i>
<i>MARIA JOSE MOURE ROMAN</i>	<i>160099517</i>	<i>19/07/16</i>
<i>BELEN CARREIRA GOMEZ</i>	<i>160099519</i>	<i>19/07/16</i>
<i>ROSA MARIA CONDE CERZON</i>	<i>160099523</i>	<i>19/07/16</i>
<i>ANTONIA SAMPEDRO PEINO</i>	<i>160099501</i>	<i>19/07/16</i>
<i>JULIA REBOREDA BARCIA</i>	<i>160099503</i>	<i>19/07/16</i>
<i>MONICA ALVAREZ YAÑEZ</i>	<i>160099505</i>	<i>19/07/16</i>
<i>M<sup>a</sup> ROSARIO DA VILA FERNANDEZ</i>	<i>160099510</i>	<i>19/07/16</i>
<i>M<sup>a</sup> CRISTINA ALVAREZ MANEIRO</i>	<i>160099491</i>	<i>19/07/16</i>
<i>M<sup>a</sup> JOSE MEJUTO VARELA</i>	<i>160102228</i>	<i>26/07/16</i>
<i>BEGOÑA AMOR COLLAZO</i>	<i>160102231</i>	<i>26/07/16</i>
<i>M<sup>a</sup> TERESA VALVERDE BARRIO</i>	<i>160102232</i>	<i>26/07/16</i>

<i>Reclamante:</i>	<i>Nº Doc:</i>	<i>Data:</i>
<i>Mª ELISA CASTRO ALONSO</i>	<i>160102234</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª LUISA CACHO PERIAÑEZ</i>	<i>160102236</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª JOSE MILLOS CALVO</i>	<i>160102237</i>	<i>26/07/16</i>
<i>ISOLINA PENA BARREIRO</i>	<i>160102238</i>	<i>26/07/16</i>
<i>PILAR CABALEIRO CABALEIRO</i>	<i>160102240</i>	<i>26/07/16</i>
<i>AMELIA COSTAS ALONSO</i>	<i>160102241</i>	<i>26/07/16</i>
<i>BALBINA SOAGE FERNANDEZ</i>	<i>160102215</i>	<i>26/07/16</i>
<i>DOLORES SEARA FERRO</i>	<i>160102217</i>	<i>26/07/16</i>
<i>BEGOÑA SUAREZ BLANCO</i>	<i>160102220</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª CARMEN NIETO UCHA</i>	<i>160102221</i>	<i>26/07/16</i>
<i>MARIA LORES GONZALEZ</i>	<i>160102222</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª CONCEPCIÓN FDEZ PORTELA</i>	<i>160102223</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª TERESA LOPEZ TORRES</i>	<i>160102225</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª CARMEN IZQUIERDO MTEZ</i>	<i>160102226</i>	<i>26/07/16</i>
<i>CARMEN FERNANDEZ VIEITEZ</i>	<i>160102184</i>	<i>26/07/16</i>
<i>IRENE ALONSO ALVAREZ</i>	<i>160102185</i>	<i>26/07/16</i>
<i>CRISTINA PEDREIRA RGUEZ</i>	<i>160102187</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª CARMEN PEREZ RODRIGUEZ</i>	<i>160102188</i>	<i>26/07/16</i>
<i>CELIA LAGO SOTO</i>	<i>160102189</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª ARACELI SALGUEIRO FDEZ</i>	<i>160102191</i>	<i>26/07/16</i>
<i>EMILCEN VALDERRAMA MADRID</i>	<i>160102192</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª CARMEN VAZQUEZ BROULLON</i>	<i>160102195</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª TERESA RODRIGUEZ DEL RIO</i>	<i>160102197</i>	<i>26/07/16</i>
<i>RAQUEL ALVES CONDE</i>	<i>160102200</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª ROSA VILLAR CAMPOS</i>	<i>160102201</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª MERCEDES MARTINEZ GLEZ</i>	<i>160102202</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Mª ROCIO LOURIDO GAYOSO</i>	<i>160102205</i>	<i>26/07/16</i>
<i>ANDREA GARRIDO GARCIA</i>	<i>160102206</i>	<i>26/07/16</i>
<i>BEGOÑA COUTO MARTINEZ</i>	<i>160102208</i>	<i>26/07/16</i>
<i>Reclamante:</i>	<i>Nº Doc:</i>	<i>Data:</i>

XOANA MONTERO BASTOS	160102213	26/07/16
LORENA PEREZ FERNANDEZ	160102172	26/07/16
CARMEN CIVEIRA LOPEZ	160102174	26/07/16
CARMEN FERNANDEZ FDEZ	160102175	26/07/16
EMILIO VAZQUEZ MARTINEZ	160102177	26/07/16
MARIA RIPOLL POSADA	160102180	26/07/16
M <sup>a</sup> DOLORES BARCIELA RGUEZ	160102183	26/07/16
MERCEDES PIÑEIRO DOMINGUEZ	160102170	26/07/16
M <sup>a</sup> DOLORES GLEZ ALEJANDRO	160102169	26/07/16
CLAUDINA PADIN VIEITEZ	160102167	26/07/16
INES ESTEVEZ SANTAMARIA	160102163	26/07/16
MARTA ALONSO ESTEVEZ	160102161	26/07/16
NIEVES ALONSO RODRIGUEZ	160102160	26/07/16
MARCOS CASTRO RODRIGUEZ	160102158	26/07/16
MIGUEL VILLAVARDE MARTINEZ	160102157	26/07/16
JOSE FRANCISCO GONZALEZ NOYA	160109604	11/08/16
BEATRIZ SANCHEZ CHANTADA	160109603	11/08/16
M <sup>a</sup> PAZ SARRIEGO PELLO	160109602	11/08/16
M <sup>a</sup> CELIA CARIDE RODRIGUEZ	160109599	11/08/16
NURIA FERNANDEZ RODRIGUEZ	160109598	11/08/16
ANA M <sup>a</sup> GARCIA LEIROS	160109595	11/08/16
MARTA RODRIGUEZ COSTAS	160120834	13/09/16
ANTONIA MOSQUERA MARTINEZ	160120836	13/09/16
DOLORES OTTO DANTAS	160120837	13/09/16

**CONTRATO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS**

<b>Reclamante:</b>	<b>Nº Doc:</b>	<b>Data:</b>
M <sup>a</sup> MILAGROS MATO IGLESIAS	160098314	15/07/16
AMPARO BARCIELA LAMAZARES	160098310	15/07/16
Reclamante: AURORA PEREIRA FERNANDEZ	Nº Doc: 160098306	Data: 15/07/16
DIEGO OLIVEIRA CARIDE	160098305	15/07/16

ESTRELLA PARADA SAN JOSE	160098301	15/07/16
M <sup>a</sup> VICTORIA JORDAN BESADA	160098318	15/07/16
MARGARITA LOPEZ RODRIGUEZ	160098317	15/07/16
M <sup>a</sup> ANTONIA ALVAREZ SOBRAL	160098321	15/07/16
MARIA DOLORES LADO INSUA	160098323	15/07/16
FREDDY B. SALGADO BOJORGE	160098325	15/07/16
LUZ PEREIRA FARIÑA	160098326	15/07/16
EMILIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	160098329	15/07/16
MERCEDES ROMERO ALONSO	160098330	15/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN HERNANDEZ CABADAS	160098331	15/07/16
PAULA VILAR SANTIAGO	160098333	15/07/16
FRANK ALBE FERNANDEZ PANACUAL	160098337	15/07/16
ALEJANDRA PIÑEIRO COSTAS	160098315	15/07/16
HERMELINDA FERNANDEZ FERNANDEZ	160098328	15/07/16
VANESA LIMA GANDARA	160098295	15/07/16
FATIMA ARIAS NOVOA	160099545	19/07/16
MERCEDES ROMERO ALONSO	160099544	19/07/16
EMILIA BAR PEREZ	160099542	19/07/16
M <sup>a</sup> BEGOÑA ALONSO CABREIRA	160099512	19/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN DARRIBA RODRIGUEZ	160099511	19/07/16
DIVINA GROBA LEDO	160099500	19/07/16
PATRICIA GONZALEZ VALVERDE	160099492	19/07/16
CARMEN VIAÑO LOUREIRO	160099494	19/07/16
M <sup>a</sup> MANUELA FERNANDEZ REDONDO	160099496	19/07/16
CRISTINA FLORES MARTINEZ	160099497	19/07/16
BEGOÑA PEREZ MINIÑO	160099499	19/07/16
CARMEN GONZALEZ ALVAREZ	160099482	19/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN COMESAÑA RODRIGUEZ	160099484	19/07/16
M <sup>a</sup> BEGOÑA PAZ SANMARTIN	160099487	19/07/16
M <sup>a</sup> DOLORES GARRIDO CORES	160099489	19/07/16

En relación coa dita reclamación emíttese o seguinte informe:

Antecedentes.-

I.- Con data 24 de maio de 2013 a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, acordou a adxudicación do contrato de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais á mercantil "LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U." por un prazo de 4 anos prorrogables por 2 máis e nas condicións establecidas nos pregos que rexeron a contratación e na oferta do contratista. O contrato formalizouse con data 14 de xuño seguinte.

Así mesmo, con data 23 de novembro de 2010, dito órgano municipal acordou a adxudicación á mesma contratista do contrato do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo coa mesma duración e prórroga co anterior e tamén nas condicións previstas nos pregos e na súa oferta. O contrato formalizouse con data 17 de decembro de 2010 e autorizáronse dúas prórrogas de un ano cada unha delas, con datas 31 de outubro de 2014 e 18 de decembro de 2015, respectivamente. A última de ditas prórrogas remata o día 31 de decembro de 2016.

II.- Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, 29 de marzo de 2016, "LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U." solicita autorización para a cesión de ambos os dous contratos á mercantil "MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U".

II.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 11 de abril de 2016 e a proposta da Xefa do Servizo de Contratación de data 7 de abril anterior, acorda autorizar a cesión solicitada coa condición de que "a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivadas do contrato producirase dende a data de inicio da execución do mesmo".

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Como todas as reclamacións independentemente da súa contía e do convenio colectivo da empresa de aplicación contan cunha identidade substancial -reclamación de cantidades- procede acumulalas ao amparo do previsto no artigo 73 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo.- Os reclamantes fundamentan a súa reclamación no artigo 42 do ET referido á "subcontratación de obras e servizos". Sen embargo, e ao terse producido unha "sucesión de empresa" regulada no artigo 44 do dito texto legal, estimamos que é de aplicación preferente este último cando establece que o cambio de titularidade dunha empresa, dun centro de traballo ou dunha unidade productiva autónoma non extinguen por sí mesmo a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais e de seguridade social do anterior. Isto significa que a relación laboral que existía co anterior empresario mantense na súa integridade co novo, polo que cremos que non debería existir liquidación algunha, especialmente da parte proporcional de pagas extraordinarias, senon unha mera reclamación ao novo empresario dos salarios pendentes, que só en caso de que non se atendera podería xustificar a aplicación do artigo 42 e reclamar directa e solidariamente as cantidades pendentes a todos os responsables do pago, entre eles, este Concello.

Terceiro.- Pero aínda admitindo aos meros efectos dialécticos e argumentais que a anterior conclusión non fora acertada consideramos que o abono dos salarios que estiveran pen-

dentes de pago debería afrontalo "MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.", polos seguintes motivos:

a).- Que os pregos de condicións que rexeron ambas as dúas contratacións, "auténticas leis do contrato", establecen que o persoal dependerán exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante de todo xeito allea a ditas relacións laborais.

b).- Que no acordo da Xunta de Goberno Local autorizando a cesión do contrato a "MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U", firme e consentido pola mesma ao non terse recurrido, inclúese a condición de que o cesionario se subroga nos dereitos e obrigas derivadas dos referidos contratos dende a data do inicio da execución dos mesmos que eventualmente poderían corresponder á cedente "LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U.", entre as cales, obviamente, atópase o abono dos salarios.

Por isto parece razoable que fora "MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U", tamén responsable directo do abono das cantidades reclamadas, ou que se faga cargo do abono das mesmas, especialmente cando aceptou subrogarse nos dereitos e obrigas derivadas da execución dos contratos dende o inicio dos mesmos, por unha mera cuestión de eficiencia, xa que se, ao amparo do previsto no artigo 42 do ET, as cantidades reclamadas as aboara este Concello, podería inmediatamente reclamarllas en vía de regreso á contratista, sen prexuízo de aplicarlle as penalidades que segundo os pregos proceden por incumprimento das súas obrigas laborais que cualifican como infracción moi grave sancionable con multa comprendida entre o 6,01% e o 10% do presuposto do contrato ou coa resolución do mesmo.

Por isto propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación de conformidade co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Acumular, ao amparo do previsto no artigo 73 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, as reclamacións de cantidades formuladas polos traballadores e traballadoras de "MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.":

#### CONTRATO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO

Reclamante:	Nº Doc:	Data:
Mª BEGOÑA LAGO RODRIGUEZ	160098312	15/07/16
Reclamante:	Nº Doc:	Data:
Mª LUZ VIEITEZ GONZALEZ	160098344	15/07/16
Mª TERESA PARCERO ALVAREZ	160098336	15/07/16
JULIA RUA ALONSO	160098340	15/07/16
JOSEFA LAMAZARES GARCIA	160098341	15/07/16
DOLORES RIAL COMESAÑA	160099559	19/07/16

CELIA RODRIGUEZ TOUCEDO	160099515	19/07/16
BEATRIZ BUJAN GONZALEZ	160099524	19/07/16
MERCEDES PENA BARREIRO	160099549	19/07/16
ALMUDENA ARAUJO PRADO	160099537	19/07/16
YOLANDA GALLEGO ABAL	160099551	19/07/16
ROSA M <sup>a</sup> MOSQUERA CAMINO	160099553	19/07/16
ISABEL VAZQUEZ MADARNAS	160099556	19/07/16
M <sup>a</sup> JOSE MARTINEZ PEREZ	160099557	19/07/16
ANTONIA FERNANDEZ SENDIN	160099513	19/07/16
JULIA ROUCO GONZALEZ	160099539	19/07/16
LOURDES SUAREZ VAQUEIRO	160099529	19/07/16
FE FIGUEROA SALGUEIRO	160099531	19/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN FERNANDEZ PEREZ	160099547	19/07/16
EVA COSTAS PORTELA	160099532	19/07/16
MARIA JOSE MOURE ROMAN	160099517	19/07/16
BELEN CARREIRA GOMEZ	160099519	19/07/16
ROSA MARIA CONDE CERZON	160099523	19/07/16
ANTONIA SAMPEDRO PEINO	160099501	19/07/16
JULIA REBOREDA BARCIA	160099503	19/07/16
MONICA ALVAREZ YAÑEZ	160099505	19/07/16
M <sup>a</sup> ROSARIO DA VILA FERNANDEZ	160099510	19/07/16
M <sup>a</sup> CRISTINA ALVAREZ MANEIRO	160099491	19/07/16
M <sup>a</sup> JOSE MEJUTO VARELA	160102228	26/07/16
BEGOÑA AMOR COLLAZO	160102231	26/07/16
<i>Reclamante:</i>	<i>Nº Doc:</i>	<i>Data:</i>
M <sup>a</sup> TERESA VALVERDE BARRIO	160102232	26/07/16
M <sup>a</sup> ELISA CASTRO ALONSO	160102234	26/07/16
M <sup>a</sup> LUISA CACHO PERIAÑEZ	160102236	26/07/16
M <sup>a</sup> JOSE MILLOS CALVO	160102237	26/07/16
ISOLINA PENA BARREIRO	160102238	26/07/16
PILAR CABALEIRO CABALEIRO	160102240	26/07/16

AMELIA COSTAS ALONSO	160102241	26/07/16
BALBINA SOAGE FERNANDEZ	160102215	26/07/16
DOLORES SEARA FERRO	160102217	26/07/16
BEGOÑA SUAREZ BLANCO	160102220	26/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN NIETO UCHA	160102221	26/07/16
MARIA LORES GONZALEZ	160102222	26/07/16
M <sup>a</sup> CONCEPCIÓN FDEZ PORTELA	160102223	26/07/16
M <sup>a</sup> TERESA LOPEZ TORRES	160102225	26/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN IZQUIERDO MTEZ	160102226	26/07/16
CARMEN FERNANDEZ VIEITEZ	160102184	26/07/16
IRENE ALONSO ALVAREZ	160102185	26/07/16
CRISTINA PEDREIRA RGUEZ	160102187	26/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN PEREZ RODRIGUEZ	160102188	26/07/16
CELIA LAGO SOTO	160102189	26/07/16
M <sup>a</sup> ARACELI SALGUEIRO FDEZ	160102191	26/07/16
EMILCEN VALDERRAMA MADRID	160102192	26/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN VAZQUEZ BROULLON	160102195	26/07/16
M <sup>a</sup> TERESA RODRIGUEZ DEL RIO	160102197	26/07/16
RAQUEL ALVES CONDE	160102200	26/07/16
M <sup>a</sup> ROSA VILLAR CAMPOS	160102201	26/07/16
M <sup>a</sup> MERCEDES MARTINEZ GLEZ	160102202	26/07/16
M <sup>a</sup> ROCIO LOURIDO GAYOSO	160102205	26/07/16
ANDREA GARRIDO GARCIA	160102206	26/07/16
Reclamante:	Nº Doc:	Data:
BEGOÑA COUTO MARTINEZ	160102208	26/07/16
XOANA MONTERO BASTOS	160102213	26/07/16
LORENA PEREZ FERNANDEZ	160102172	26/07/16
CARMEN CIVEIRA LOPEZ	160102174	26/07/16
CARMEN FERNANDEZ FDEZ	160102175	26/07/16
EMILIO VAZQUEZ MARTINEZ	160102177	26/07/16
MARIA RIPOLL POSADA	160102180	26/07/16

M <sup>a</sup> DOLORES BARCIELA RGUEZ	160102183	26/07/16
MERCEDES PIÑEIRO DOMINGUEZ	160102170	26/07/16
M <sup>a</sup> DOLORES GLEZ ALEJANDRO	160102169	26/07/16
CLAUDINA PADIN VIEITEZ	160102167	26/07/16
INES ESTEVEZ SANTAMARIA	160102163	26/07/16
MARTA ALONSO ESTEVEZ	160102161	26/07/16
NIEVES ALONSO RODRIGUEZ	160102160	26/07/16
MARCOS CASTRO RODRIGUEZ	160102158	26/07/16
MIGUEL VILLAVERDE MARTINEZ	160102157	26/07/16
JOSE FRANCISCO GONZALEZ NOYA	160109604	11/08/16
BEATRIZ SANCHEZ CHANTADA	160109603	11/08/16
M <sup>a</sup> PAZ SARIO PELLO	160109602	11/08/16
M <sup>a</sup> CELIA CARIDE RODRIGUEZ	160109599	11/08/16
NURIA FERNANDEZ RODRIGUEZ	160109598	11/08/16
ANA M <sup>a</sup> GARCIA LEIROS	160109595	11/08/16
MARTA RODRIGUEZ COSTAS	160120834	13/09/16
ANTONIA MOSQUERA MARTINEZ	160120836	13/09/16
DOLORES OTTO DANTAS	160120837	13/09/16

**CONTRATO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS**

<b>Reclamante:</b>	<b>Nº Doc:</b>	<b>Data:</b>
M <sup>a</sup> MILAGROS MATO IGLESIAS	160098314	15/07/16
AMPARO BARCIELA LAMAZARES	160098310	15/07/16
Reclamante: AURORA PEREIRA FERNANDEZ	Nº Doc: 160098306	Data: 15/07/16
DIEGO OLIVEIRA CARIDE	160098305	15/07/16
ESTRELLA PARADA SAN JOSE	160098301	15/07/16
M <sup>a</sup> VICTORIA JORDAN BESADA	160098318	15/07/16
MARGARITA LOPEZ RODRIGUEZ	160098317	15/07/16
M <sup>a</sup> ANTONIA ALVAREZ SOBRAL	160098321	15/07/16
MARIA DOLORES LADO INSUA	160098323	15/07/16
FREDDY B. SALGADO BOJORGE	160098325	15/07/16

LUZ PEREIRA FARIÑA	160098326	15/07/16
EMILIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	160098329	15/07/16
MERCEDES ROMERO ALONSO	160098330	15/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN HERNANDEZ CABADAS	160098331	15/07/16
PAULA VILAR SANTIAGO	160098333	15/07/16
FRANK ALBE FERNANDEZ PANACUAL	160098337	15/07/16
ALEJANDRA PIÑEIRO COSTAS	160098315	15/07/16
HERMELINDA FERNANDEZ FERNANDEZ	160098328	15/07/16
VANESA LIMA GANDARA	160098295	15/07/16
FATIMA ARIAS NOVOA	160099545	19/07/16
MERCEDES ROMERO ALONSO	160099544	19/07/16
EMILIA BAR PEREZ	160099542	19/07/16
M <sup>a</sup> BEGOÑA ALONSO CABREIRA	160099512	19/07/16
M <sup>a</sup> CARMEN DARRIBA RODRIGUEZ	160099511	19/07/16
DIVINA GROBA LEDO	160099500	19/07/16
PATRICIA GONZALEZ VALVERDE	160099492	19/07/16
CARMEN VIAÑO LOUREIRO	160099494	19/07/16
M <sup>a</sup> MANUELA FERNANDEZ REDONDO	160099496	19/07/16
CRISTINA FLORES MARTINEZ	160099497	19/07/16
BEGOÑA PEREZ MINIÑO	160099499	19/07/16
CARMEN GONZALEZ ALVAREZ	160099482	19/07/16
Reclamante:	Nº Doc:	Data:
M <sup>a</sup> CARMEN COMESAÑA RODRIGUEZ	160099484	19/07/16
M <sup>a</sup> BEGOÑA PAZ SANMARTIN	160099487	19/07/16
M <sup>a</sup> DOLORES GARRIDO CORES	160099489	19/07/16

Segundo.- Desestimar todas elas polos motivos que figuran no informe que antecede.

O presente acordo notifíquese aos interesados ofrecéndolles os recursos que legalmente procedan.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos.. Como secretaria dou fé.

me.

O PRESIDENTE,

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

David Regades Fernández.

Olga Alonso Suárez.